

# FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2024

## Epistolario de Benito Vicetto

**Esperanza Piñeiro San Miguel**

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

# Epistolario de Benito Vicetto

## PALABRAS CHAVE

Vicetto, Epistolario, Murguía, Barros Sivelo, José Domínguez Izquierdo, Antonio de la Iglesia, Waldo Álvarez Insua, Alfredo Vicenti, Teodosio Vesteiro Torres, Eduardo Gasset

## KEYWORDS

Vicetto, Epistolario, Murguía, Barros Sivelo, José Domínguez Izquierdo, Antonio de la Iglesia, Waldo Álvarez Insua, Alfredo Vicenti, Teodosio Vesteiro Torres, Eduardo Gasset

## RESUMO

Con motivo da homenaxe en Ferrol a Benito Vicetto no seu bicentenario, localizouse o seu arquivo persoal que contén documentación inédita con parte do seu epistolario. Hai cartas a Benito Vicetto remitidas por numerosos intelectuais coetáneos, entre as que destacan as de Manuel Murguía, que axudan a comprender as relacións existentes entre eles e con outros esgrevios galegos.

## ABSTRACT

On the occasion of the tribute in Ferrol to Benito Vicetto on his bicentenary, his personal archive was located, which contains unpublished documentation with part of his correspondence. There are letters to Benito Vicetto sent by several contemporary intellectuals, specially Manuel Murguía, which help to understand the relationships between them and other Galician intellectuals.

## 1. Introducción

Lembramos a Benito Vicetto no bicentenario do seu nacemento, un ferrolán ilustre que coa súa escrita e variadas iniciativas dinamizou e impulsou a cultura galega, e contribuíu ao Rexurdimento. Sometido a un inxusto esquecemento, penso que merece ser recoñecido e que debe ter un posto de honra dentro da historia de Galiza.

Benito Vicetto (Ferrol, 1824-1878), autodidacta de gran talento, tesón e capacidade de traballo, foi xornalista e escritor de narrativa romántica, ensaio, teatro, poesía, historia... Os éxitos acadados sobre todo nas primeiras décadas de produción intelectual víronse ensombrecidos, entre outros motivos, pola polémica suscitada pola súa *Historia de Galicia*, sobre a que tivo gabanzas pero tamén fortes críticas. Ademais, por incluír nela a súa teoría sobre Deus, Tempo e Espazo, sufriu censura ao ser prohibida e requisada polo Bispo Ponciano en 1867<sup>[1]</sup>. Precursor do Rexionalismo, Vicetto defendía que Galiza debía ter unha literatura e unha historia de seu.

Agora a súa cidade natal vén de homenaxealo co nomeamento de Fillo Predilecto de Ferrol, varias publicacións, un ciclo de conferencias organizado polas asociacións Medulio e Ferrolterra Antiga, e unha exposición sobre a súa figura. Esa exposición<sup>[2]</sup> foi posible grazas á localización do arquivo persoal de Vicetto polo xornalista Man Castro, que está a escribir un libro sobre el. A documentación fora adquirida e custodiada polo escritor e profesor Dionisio Gamallo Fierros, e logo polo seu sobriño Antonio Deaño Gamallo, quen amablemente a prestou ao Concello ferrolán. O fondo documental contén datos inéditos sobre a biografía e a obra de Vicetto, así como cartas escritas por el, e case un cento de cartas manuscritas que lle foran remitidas por ilustres personaxes coetáneos.

---

[1] Arquivo Municipal de Ferrol. Libro de Actas, sesión 19-4-1861, e Caixa 282.

[2] Exposición Benito Vicetto e a prensa ferrolá. Catálogo (2024).

## 2. Epistolario de Vicetto

Por medio da correspondencia recibida por Vicetto, vemos que era respectado e admirado no seu tempo, e que foi un referente para moitos intelectuais. Vicetto, ademais de colaborador e redactor de multitude de xornais, estivo ao fronte de *El Clamor de Galicia* (A Coruña, 1854-56), *Diario de La Coruña* (1858- 1866) e da prestixiosa *Revista Galaica* (Ferrol, 1874- 1876)<sup>[3]</sup>. Como director tiña a posibilidade de promover e admitir textos doutros xornalistas e escritores, xa que as obras se difundían a través da prensa, con recensións, críticas e publicacións por entregas. Por outra parte, para os periódicos era moi importante que lle axudasen a conseguir subscritores, imprescindibles para sobrevivir. Ofrecemos algúns exemplos das cartas recibidas ou escritas por Vicetto con reproducións de fragmentos<sup>[4]</sup>.

### 2.1. Cartas entre Murguía e Vicetto

A evolución da relación de Vicetto con Manuel Murguía segue presentando moitas incógnitas, pois comezou sendo de admiración recíproca e agarimo ata chegar a un gran distanciamento. Razóns? Tal vez desavinzas persoais ou sentimento de promesas incumpridas, tal vez rivalidades, quizais Vicetto, autodidacta, impulsivo, mesmo cualificado de presumido, sentiuse desprezado por Murguía. As últimas cartas mostran malestares, intentos de normalizar a relación, resentimentos e silencios. Están xa publicadas 24 cartas de Vicetto a Murguía<sup>[5]</sup>; a novidade agora é a aparición de 3 cartas inéditas de Murguía a Vicetto.

**Manuel Murguía**, estudante de Farmacia e colaborador de prensa en Madrid, con 23 anos toma a iniciativa e o 9-6-1856 escribe a Vicetto, director de *El Clamor de Galicia*, xornal coruñés onde fixo aparición o Rexionalismo galego. Murguía agrádelle dous favorables comentarios que aquel lle fixera sobre a súa obra, declárase coincidente coas ideas de Vicetto en pro de Galiza, opina sobre política, e manifesta que lle gustaría colaborar nese xornal:

Mi querido amigo: ante todo permítame V. usar esta frase, que no es otra que una prueba del cariño que le profeso aun sin conocerle, y luego pasaré a darle gracias por haber pres-tado cabida a mi nombre desconocido entre los de los jóvenes que más valen en Galicia. Hijo de la Coruña, aunque lejos de ella desde los primeros años, conservo su recuerdo en mi corazón (...)

[3] Llorca e Piñeiro (2024). Guillermo Llorca contabiliza colaboracións de Vicetto en 60 cabeceiras de prensa diferentes, 26 delas, galegas.

[4] Arquivo Gamallo Fierros.

[5] Barreiro Fernández, XR. e AXEITOS, X.L. (2003). Ademais de 24 cartas de Benito Vicetto a Murguía, nas cartas doutros intelectuais a Murguía hai diversas alusións a Vicetto.

Desde niño sé de memoria alguna de sus poesías de V. y más tarde he podido leer sus *Hidalgos de Monforte* y conocer lo que V. vale y lo que es más: sus ideas respecto a Galicia. Como las mías son las mismas, he visto con el placer que pueda imaginar el hermoso artículo que en el *Clamor de Galicia* del 8 de mayo ha publicado V. y su amigo Puente y Brañas (...)

Regenerar el país política y literariamente es lo que se ha propuesto el *Clamor de Galicia*, después de mil contratiempos, al fin que desean todos los gallegos que piensan. No es tan escaso como generalmente se cree entre la juventud del país, el partido al que Vs. han querido dar una bandera a cuya sombra se agrupasen todos los que aman a Galicia. Lejos de ella he oído con suma complacencia sostener a muchos de sus hijos la idea de una revolución local, sin la cual (estoy seguro de ello), jamás daremos un paso en la carrera de la prosperidad. Las demás provincias de España jamás olvidan que nosotros hemos sido sus esclavos; por y mil veces querido amigo, cuando me he dolido de la injusticia con que se nos trata lejos de Galicia me han contestado que la muestra que enviábamos al resto de la nación no era lo más apropiado para formar buena idea de nosotros. V. que está al frente de un periódico gallego, debe clamar un día y otro contra esa espantosa emigración, que lleva a nuestros aldeanos a perecer de miseria lejos de su patria, a la que vuelven una mirada de dolor en sus últimos momentos, buscando en vano una voz y una mano que les consuele y que echan entonces de menos (...).

Quisiera honrar algún día mi nombre en las columnas del *Clamor*, periódico de Galicia y de la Coruña (...). Manuel Murguía

**Vicetto** contéstalle con entusiasmo o 22-6-1856:

Hermano, esta palabra lo explica todo y tú no la has usado en tu carta. ¿Qué quiere decir amigo? Esta palabra y esta afección ya no existe en el diccionario ni en el corazón de los hermanos de Galicia, de los hermanos en la inteligencia. Te reconvengo, pues, por no haberla usado al dirigirte a mí. Yo te acepto como hermano, como amigo no: no los conozco. (...) Hay en Galicia una misma misión para los dos: los dos tenemos que realizarla. (...) Ven, pues, al Clamor, vigorízalo. Los editoriales y los folletines te esperan. Mi corazón... no: mi corazón es tuyo. Ven. Vicetto

Nunha nova carta do 9-7-1856 (AGF), **Murguía** pídelle a Vicetto un favor de índole persoal. A continuación declina o consello que lle dera Vicetto (en carta de catro días antes<sup>[6]</sup>) de pedir o cargo de oficial do Goberno da Provincia, pois non quere

---

[6] *Ibidem*. Vicetto desde A Coruña en carta a Murguía do 5-7-1856 dicía: “Murguía, Chao es pariente del subsecretario de Gobernación, escríbele y que te nombre oficial del Gobierno de provincia de aquí, que está vacante, 8.000 reales”.

depender de empregos dados por políticos, senón “consagrarme enteramente a la literatura y a la idea”. Extractamos desta carta:

Mi querido Vicetto: (...) Te diré que camines con pies de plomo. Los acontecimientos se mudan con prodigiosa rapidez, mañana tal vez no exista ya el trono de Castilla, es necesario, pues, que la idea se propague, pero que de ningún modo se presente al enemigo. No, Nuestra independencia estará más fácilmente y más asegurada con el federalismo, que de ningún otro modo. Es necesario, pues, estar preparado, tener formado ese partido y echar a andar ese nombre en los momentos oportunos. Lo demás es dar un aviso que no despreciarán. Siento en el alma lo que le ha pasado a Puente y Brañas, pero amigo querido, deseo que no te suceda a ti lo mismo: tú has estado aquí y sabes muy bien qué es esto, y en cuanto a emprender lo que todos deseamos quisiera no lo hicierais a tontas y a ciegas. Hace falta contar con dinero y este solo lo facilitarán (y este en pequeñas cantidades atendiendo al estado de Galicia) las sociedades secretas. Estas son las que dicen de hacer todo, de ellas hay que valerse sin remedio (...) tu mejor hermano. Murguía

Dos anos 1857 e 1858 están publicadas 14 longas e afectuosas cartas de **Vicetto** a Murguía desde diversos destinos como oficial de prisións: Coruña, Badajoz, Ceuta y Alcalá, que reflicten agarimo e mutuo respecto. Nelas Vicetto confésalle os seus soños, preocupacións e sentimentos.

En 1859 as cartas denotan o deterioro da amizade entre eles. É sabido que Murguía adoitaba pedir manuscritos antigos e información a outros escritores para utilizar na súa Historia de Galicia, que estaba a escribir<sup>[7]</sup>, e tamén pediulle apuntes a Vicetto, feito que puido crear suspicacias. Tras a posta en marcha do xornal o *Diario de La Coruña*, con Vicetto de redactor, este escribe o 30-4-1859 unha breve carta:

Querido Murguía – me amuelas con tus desconfianzas. Hace un mes que te tengo copiados los apuntes, y como no tengo por quien mandarlos no los mandé. (...) Tu hermano. Vicetto

A última carta que se conserva de **Murguía a Vicetto** está datada o 10-5-1859 (AGF). Mostra a decepción en Murguía por considerar incumplida a promesa de Vicetto, ao non frutificar o ofrecemento que lle fixera de traballar no *Diario de Galicia*:

Mi querido Vicetto, están ya en mi poder tus apuntes (...) dime si podías realizar algo de aquel sueño del camino de Pasajes, es decir, si me hacías ahí un periódico donde pudiese vivir algún tiempo. Esto lo he llamado sueño y no me arrepiento; sin embargo

---

[7] *Ibidem*. Son moitos os intelectuais que nas cartas a Murguía se refiren a que envían o material histórico que lle fora pedido por este.

todo podía suceder. Nada me has dicho de Barros Sibeló, ya no tienes para mí aquellas largas y expansivas cartas de antes y me parece que lo del café del León de Oro ha sido una pequeña mentira. Hemos echado allí pelillos a la mar, como se suele decir, ¿por qué sigues conmigo de ese modo? No me escribías antes cartas de cuatro y seis pliegos?; dime lo que haces, en qué piensas, qué tienes en el Diario, en fin (si quieres) satisfice en todo esto mi curiosidad mugeril (sic). Vamos a otra cosa, en uno de los pasados números salió una gacetilla anunciando la publicación de mi Historia de G. (...) Tuyo. Murguía

**Vicetto** contéstalle o 13-5-1859 ofrecéndolle un traballo como colaborador, aínda que manifesta que cando vaia polo xornal non vai poder recibilo persoalmente:

Querido Murguía: si quieres venir al Diario se te darán 30 duros el primer mes, y 15 los demás, mientras no tenga más suscripción (...) Yo salgo mañana para el Ferrol a ver a mi madre (...). Si vienes, preséntate al editor que ya tendrá instrucciones más...

Como dixemos, non dispoñemos de máis cartas de Murguía. Mais as seguintes cartas de Vicetto denotan grande frialdade e tal vez resentimentos, así como reproches a Murguía polo seu silencio. Tratan temas profesionais de intercambio de artigos e narracións: “Siento la felicidad y fatalidad que te rodea a la vez” (20-5-1859). “Manda a vuelta de correo un ejemplar de la *Primera Luz*. Si es buena la obra, como yo espero, y me gusta, te despacharé 25 o 30 ejemplares (...) Sea el abismo que sea el que nos separa, hablémonos desde la una a la otra margen, cada cual sentado sobre su peñasco” (7-10-1859). Vicetto fará tamén unha durísima crítica da obra de Murguía: “no te contesté más antes sobre la *Primera Luz*, porque me llevé un petardo. Para el ideal que había concebido, la obra es un puff. La *Historia de Galicia*, violenta y mala...” (23-10-1859).

En carta do 3-2-1860, moi breve, Vicetto, enfadado, quéixase do silencio de Murguía:

¡Lirón de los demonios! ¿por qué duermes tanto? ¿Quieres o no contestar si haces la publicación de *El Lago de la Limia*? Porque si no haré lo que tanto me repugna, publicar por mi cuenta.

Tuyo, olvidado y proscrito hermano, Benito Vicetto

Na última carta conservada, desde Granada o 25-7-1863, Vicetto intenta restaurar a relación:

Vamos a ver, Murguía ¿Hemos de estar siempre así? (...) Entendámonos, expliquemos nuestras respectivas situaciones porque yo no sé porque estamos separados; porque no sé si debo amarte o despreciarte, último término que no espero. (...) No sé donde te encontrará esta carta (...) Tu hermano en Galicia.

A amizade estaba rota. Anos despois, o historiador e arqueólogo **Ramón Barros Sivelo** manterá unha polémica na prensa con Manuel Murguía, e cóntallo confidencialmente a Vicetto o 10-8-1876 en carta que reflicte a rivalidade entre historiadores<sup>[8]</sup>:

... en mi libro arriba indicado [*Antigüedades de Galicia*] digo con verdad y sin ánimo de zaherir que los apuntes y manuscritos de mi amigo Domingo Díaz Robles pasaron a su fallecimiento a poder de Murguía [quien contesta] en el Diario de Santiago preguntando de dónde tomara la noticia. Le contesté con la verdad de los hechos porque estaba muy enterado de ellos (...). Quiero hacerle comprender dando toda la publicidad posible que no todo lo que lleva publicado [Murguía] en su pretendida historia de Galicia es creación suya (...).

Hai que ter en conta que neses anos a historia de Galiza estaba por escribir, e agroma o desexo de ser o primeiro en dar á luz ou en anunciar a publicación das súas achegas, polo que se xera unha gran competición entre historiadores. Así queda de manifesto en críticas ás veces aceiradas na prensa ou nas cartas que se intercambiaban, como se desprende da lectura do epistolario a Murguía, onde non só se prodigan eloxios, senón tamén acusacións de erros históricos, así como informacións sobre os desacertos e defectos doutros escritores.

Vicetto morreu en 1878 aos 58 anos. Manuel Murguía, nove anos máis novo, tivo unha vida lonxeva, pois morreu en 1923 con case 90 anos. Murguía puido seguir facendo investigación histórica, ampliando a súa escrita, participando nas novas ideas rexionalistas. Foi historiador e xornalista prolífico, e continuou a impulsar a cultura galega con novos proxectos e iniciativas, polo que é un dos intelectuais máis sobranceiros de Galiza.

## 2.2. Cartas doutros intelectuais a Vicetto

Do Arquivo Gamallo Fierros, a modo de exemplo, seleccionamos algúns fragmentos de cartas, nas que diferentes intelectuais mostran a súa admiración a Vicetto e mesmo as súas discrepancias.

**José Domínguez Izquierdo**<sup>[9]</sup>, avogado, xuíz liberal e escritor, o 17-5-1865 expón:

Hermano mío en la Galicea literatura (...) ¿Queréis cambiar tan dulce nombre por el de padre conmigo para nuestra literatura? ¿Queréis ser mi protector? (...) Bajo el título de

[8] *Ibidem*. Noutra carta que Barros Sivelo lle escribe a Murguía o 9-4-1865, vemos tamén a pouca simpatía existente entre eles, en definitiva, competencia entre historiadores que están a investigar sobre o pasado de Galicia.

[9] *Vid.* Axeitos, X.L. (2023) “Xosé Domínguez Izquierdo (1819- 1897), un xuíz liberal amigo de Murguía, na prensa galega” en *Follas Novas*, nº 8. Fundación Rosalía de Castro.

*La Floresta Gallega* tengo escrito un tomo de costumbres (...) úrgeme dar a la prensa el tomo que escribí; por eso os busco como mi mentor (...) Vos que tantas relaciones tenéis con editores y empresarios tipográficos, no dudéis ser ese padre literario para mí...

**Antonio de la Iglesia**, intelectual coruñés, escribe o 17-4-1866 para felicitalo e darlle ánimos fronte a censores e detractores:

Celebro muchísimo el favorable éxito obtenido en la suscripción de su obra (...) Procure V. hacer lo que mejor pueda en su obra y deje V. que muerdan, que hagan más, o tanto, los censores. Si se hace mucho caso de ellos, jamás tendremos nada en nuestro país. Prosiga V., pues, su obra...

**Waldo Álvarez Insua**, escritor e xornalista estradense, tendo 18 anos, o 6-7-1874 agradece a Vicetto que lle publicase uns poemas na *Revista Galaica*, e expresa as súas ilusións, soños e atrancos cunha fermosa prosa poética, preludeo da súa obra posterior:

Soy joven, muy joven puedo decirlo así, pues no cuento más de 18 años y mi imaginación en esta edad de oro se eleva y mi espíritu desea remontarse, allá, lejos, muy lejos, en un horizonte puro y diáfano, desconocido por las almas mezquinas y por los corazones corrompidos. Los necios suelen burlarse de estos actos espontáneos del alma, porque no alcanzan a comprender lo divino de las inspiraciones, pero cuando se tiene la dicha de tropezar con hombres tan sabios y tan nobles como V., entonces por el contrario entusiasman al que escribe, y sus frases, envueltas en un cariño casi paternal, son el bálsamo benéfico con que se cicatrizan las heridas abiertas en el corazón, por los que adolecen de esa desgraciada y terrible enfermedad que se llama ignorancia...

**Alfredo Vicenti**, xornalista, escritor e político, transmítelle a súa estima o 26-8-74 pois segue a tomalo como exemplo a pesar dos ataques de que é obxecto Vicetto:

Hace muchos años, tal vez desde el 63 en que aún era yo niño, admiro en V. el sentido literario y al entusiasta gallego. Confieso que al leer por primera vez *Los Hidalgos de Monforte* me halagó de tal manera el pensamiento de la emancipación de Galicia que desde entonces, tenía yo apenas 15 años, hasta hoy, que he visto y aprendido mucho, esa idea me ha sobrepuesto a todas, aún a mi ideal político. El año pasado durante la dominación republicana desempeñé el cargo del Centro de iniciativa creado en esta para la nueva organización del Estado gallego y aquí en Orense, a donde fui comisionado, procuré realizar mi aspiración de niño y de hombre, si bien con el peor éxito posible (...) Entro en estos detalles egoístas para demostrar que mi simpática admiración hacia V. se remonta a muy antigua fecha, y que ahora se ha aumentado al considerar la energía con

que V. ataca a ciertas instituciones caducas y nocivas para todas las nacionalidades, pero asfixiantes y ponzoñosas para nuestra región desventurada.

**Teodosio Vesteiro Torres**, escritor, periodista e profesor de música, eloxia a Vicetto en varias cartas desde Madrid, e despídese coa frase “Hermano en Galicia”. E o 20-7-1874 **Vesteiro** envíalle un artigo para que lle publique, felicítalo pola *Historia de Galicia* e identifícase con el polas dificultades e ataques que deben afrontar:


... he podido admirar de nuevo y mejor que nunca su mérito. Una de las circunstancias que más me ha llamado la atención es el levantado ánimo de V. para dar cima a la obra, a pesar de tantas contrariedades. Confieso que le envidio. Todo el amor que siento hacia Galicia no impide que más de una vez se me caiga la pluma de las manos, sobre todo cuando noto malas intenciones en quienes solo debían tener palabras de benevolencia para los que trabajan como pueden en obsequio al país. Bien sé que para no amilanarse por tales obstáculos, se necesita la energía y grandeza de alma de V. Soy franco y no digo galanterías...

**Eduardo Gasset Artime**, xornalista e político pontevedrés, director de *El Imparcial* en Madrid, recibe e eloxia a *Revista Galaica*, e ofrécelle a Vicetto, en carta de 14-7-1874, que sexa articulista colaborador retribuído, e tamén “Desearía reproducir en el folletín de *El Imparcial* alguna de las novelas de Vicetto.” Este envíalle *Las tres fases del amor*, e Gasset o 27-7-1874 considera a obra en exceso erótica, e declina con humor publicarlle:

He leído *Las tres fases del amor*, y a riesgo de pasar a los ojos de V. por sabandija literaria no la publico en el boletín de *El Imparcial* porque, amigo mío, tiene V. mucho talento, grande fantasía, pero esta novela de V. producirá desastres eróticos entre la gente joven que la lea. Celebraré que *El lago de la Limia* y *El Conde de Amarante* sean menos retozonas, porque debo cuidar mucho un folletín del cual se tiran 32.000 ejemplares y no quiero que a esta generación endeble y raquítica suceda otra diezmada por el reblandecimiento de la espina dorsal.

Otras moitas cartas a Vicetto atesoura o Arquivo de Gamallo Fierros, entre elas, as de Eduardo Pondal, Carolina Coronado, Nicomedes Pastor Díaz, Aureliano Pereira, Jesús Muruais, Valentín Lamas Carvajal, Víctor López Seoane, etc. Como todas as relacións epistolares entre escritores, creadores, científicos, editores... constitúen unha fonte de coñecemento dos seus pensamentos, proxectos, ilusións e desencantos. Pódese percibir a colaboración entre eles, así como o intercambio de obras. Tamén era habitual peticións de consellos e favores en momentos de dificultades económicas para viviren das súas plumas. En definitiva, as cartas axudan a desvelar a historia e a cultura da época na que viviron.

Benito Vicetto foi un pioneiro na defensa de Galiza cando todo estaba por facer. Como vemos nas cartas que lle foron remitidas, algúns deses escritores e intelectuais, así como outros moitos xoves, leron de moi novos *Los Hidalgos de Monforte* e outras obras de Vicetto, souberon logo dos seus artigos e iniciativas xornalísticas galegas, e prendeu neles as arelas de participar no movemento cultural e político do Rexurdimento.



Primeira carta de Manuel Murguía a Benito Vicetto, 9-6-1856.  
Arquivo Gamallo Fierros

## FONTES DOCUMENTAIS E BIBLIOGRAFÍA SUCINTA

Arquivo Gamallo Fierros, Fondo Benito Vicetto. Ribadeo (AGF)

Arquivo Municipal de Ferrol.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón e AXEITOS, Xosé L. (2003). *Cartas a Murguía*. Tomo I. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

Fandiño, Xosé (2024) Germán Castro: “Hai entre os papeis cartas que se cruzaron Vicetto e Murguía até a súa ruptura” en *Diario de Ferrol*:

<https://www.diariodeferrrol.com/articulo/ferrol/german-castro-hai-entre-papeis-cartas-cruzaron-vicetto-e-murguia-ate-sua-ruptura-4807498>

Llorca Freire, Guillermo e Piñeiro de San Miguel, Esperanza (Ed.) (2024) *Benito Vicetto e a prensa ferrolá*. Concello de Ferrol.

VVAA. (2024) *Benito Vicetto. Conciencia histórica da Galiza*. Terra e tempo, nº 190.

Publicamos este noveno número de *Follas Novas*  
grazas ao patrocinio do Concello da Coruña



# Concello da Coruña



CASA DE ROSALÍA

A Matanza  
15917 Padrón  
+34 981 811 204

[www.rosalia.gal](http://www.rosalia.gal)

FUNDACIÓN  
ROSALÍA DE CASTRO